



XUNTA
DE GALICIA

MEMORIA ANUAL DE INSPECCIÓN AMBIENTAL PROGRAMA 2025

Servizo de Intervención Ambiental

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

ÍNDICE

1. Acrónimos, abreviaturas e definicións	Páx. 2
1.1. Acrónimos e abreviaturas	Páx. 2
1.2. Definicións	Páx. 3
2. Obxecto	Páx. 5
3. Medios e recursos da Inspección ambiental	Páx. 6
4. Obxectivos do programa	Páx. 7
5. Actuacións de control e inspeccións realizadas en 2025	Páx. 8
6. Inspeccións realizadas polo persoal Inspector Ambiental	Páx. 12
6.1. Subprograma de actividades IPPC	Páx. 17
6.2. Subprograma de traslados de residuos	Páx. 28
6.3. Subprograma de xestores de residuos	Páx. 30
6.4. Subprograma de vertedoiros	Páx. 40
6.5. Subprograma de outras actividades	Páx. 41
7. Inspeccións realizadas pola Policía Autonómica de Galicia (UPA)	Páx. 43
8. Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental.....	Páx. 46
9. Outras actuacións da inspección ambiental	Páx. 50
10. Indicadores Ambientais do Programa 2024	Páx. 53
10.1. Indicadores de actividade	Páx. 53
10.2. Indicadores de resultados	Páx. 59



1. ACRÓNIMOS, ABREVIATURAS E DEFINICIÓNS

1.1. ACRÓNIMOS E ABREVIATURAS

AAI:	Autorización Ambiental Integrada
CAT:	Centro Autorizado de Tratamento
DEI:	Directiva de Emisións Industriais
IGAMAOT:	Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território, da República de Portugal.
IMPEL:	Rede da Unión Europea para a Aplicación e Cumprimento do Dereito Ambiental (<i>Implementation and Enforcement of Environmental Law</i>)
IPPC:	Prevención e control integrados da contaminación
IRAM:	Método Integrado de Avaliación de Risco
ISO:	Normas técnicas internacionais da Organización Internacional de Normalización (<i>International Organization for Standardization</i>)
LMAG:	Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia
MTDs:	Mellores Técnicas Dispoñibles
PRTR:	Rexistro Estatal de Emisións e Fontes Contaminantes
REDIA:	Rede de Inspección Ambiental de España
SEPRONA:	Servizo de Protección da Natureza da Garda Civil
SXC:	Sistema de Xestión da Calidade
SXMA:	Sistema de Xestión Medioambiental
UNE-EN:	Normas españolas creadas nos Comités Técnicos de Normalización
UPA:	Unidade da Policía Nacional adscrita á comunidade autónoma de Galicia



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

1.2. DEFINICIÓNS

Autorización Ambiental Integrada	Resolución escrita do órgano competente da comunidade autónoma na que se localice a instalación, polo que se permite, aos efectos da protección do medio ambiente e da saúde das persoas, explotar a totalidade ou parte dunha instalación, baixo determinadas condicións destinadas a garantir que cumpre o obxecto e disposicións do RDL 1/2016 e o RD 815/2013 de IPPC. En Galicia outórgase por resolución da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
CAMGAL	Plan Territorial de Continxencias por Contaminación Mariña Accidental de Galicia.
Campaña de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as distintas actuacións incluídas dentro dun mesmo subprograma de inspección ambiental. Distínguese polo carácter flexible da súa duración e a especificidade en canto aos aspectos ambientais que se consideraran ou ao tipo de actividade ou instalación que se inspecciona.
Desviación ambiental	Todo incumprimento dos condicionantes da autorización ambiental (incluídos os referentes á normativa ambiental que lle sexa de aplicación dentro da propia autorización) ou situación que aínda non incumprindo os condicionantes pode supoñer un risco ambiental.
GAIA	Plataforma Galega de información ambiental (https://gaia.xunta.es). Futuro portal único de acceso a todas as aplicacións da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
Informe de inspección IPPC	Informe realizado polo persoal inspector tras realizar unha inspección de verificación ambiental no que se incluírán as conclusións relativas ao cumprimento das condicións da autorización ambiental integrada pola instalación, así como respecto a calquera ulterior actuación necesaria.
Inspección ambiental	Toda acción levada a cabo pola autoridade competente ou no nome desta co obxecto de comprobar, fomentar e asegurar a adecuación das instalacións e actividades susceptibles de afectar negativamente o ambiente ás condicións contidas nos instrumentos preventivos ambientais ou nas normas ambientais, e controlar, se for o caso, a súa repercusión ambiental.
Mellores Técnicas Disponíbles	A fase máis eficaz e avanzada de desenvolvemento das actividades e das súas modalidades de explotación, que demostren a capacidade práctica de determinadas técnicas para constituír a base dos valores límite de emisión e outras condicións da autorización destinadas a evitar ou, cando isto non sexa posible, reducir as emisións e o impacto no conxunto do medio ambiente e a saúde das persoas.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Persoal inspector ambiental	Persoal funcionario autonómico acreditado pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar inspeccións ambientais.
Plan de inspección ambiental	Conxunto de obxectivos e actuacións definidas pola dirección xeral competente en materia de calidade ambiental, con carácter plurianual, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola normativa ambiental aplicable.
Programa de inspección ambiental	Documento executivo de vixencia anual que recolle toda a información precisa para realizar as inspeccións ambientais que nel se inclúen e priorizan, así como a previsión dos recursos necesarios para a súa execución.
Residuo	Calquera substancia ou obxecto que o seu posuidor desbote ou teña a intención ou a obriga de desbotar, de acordo coa lexislación básica.
Sistema de inspección ambiental	Conxunto suficiente e axeitado de medios persoais e materiais dependentes da dirección xeral competente en materia de calidade ambiental para realizar con eficacia os labores de control e inspección ambiental, así como do exercicio da potestade sancionadora para garantir un axeitado nivel de comprobación do cumprimento ambiental.
Subprograma de inspección ambiental	Nivel de agregación en que se agrupan as actuacións contidas no programa de inspección ambiental. Distínguese pola súa permanencia ao longo do tempo, polo carácter xeral do seu contido e porque pode incluír unha ou varias campañas de inspección.
Verificación ambiental	Inspección ambiental programada de avaliación do cumprimento da AAI dunha instalación sometida á normativa IPPC.



2. OBXECTO

O Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, esixe a elaboración de plans plurianuais de inspección ambiental coa finalidade de articular, programar e racionalizar as inspeccións ambientais que se efectúen na comunidade autónoma de Galicia e, en base a dito plan, a elaboración de programas anuais que inclúa a frecuencia das visitas de inspección aos distintos tipos de instalacións e actividades cubertas polo devandito plan.

O Artigo 12 do Decreto 7/2020, do 9 de xaneiro, de inspección ambiental de Galicia, establece que a dirección xeral competente en materia de calidade ambiental elaborará anualmente unha memoria na que se describan e se avalíen as actuacións inspectoras realizadas e os seus resultados, así como o grado de cumprimento da planificación das inspeccións ambientais.

De acordo co citado artigo elabórase este documento que describe e cuantifica as actividades e actuacións realizadas pola Inspección Ambiental de Galicia e o grao de cumprimento do Programa de Inspección Ambiental de Galicia 2025.


Esta memoria anual atoparase accesible na páxina web da Inspección Ambiental de Galicia, tras a súa aprobación.



3. MEDIOS E RECURSOS DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

Para a execución das competencias asignadas, a Inspección Ambiental de Galicia conta cunha xefatura de servizo en servizos centrais en Santiago de Compostela e 4 xefaturas de servizo que teñen outras competencias adicionais da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático nos Departamentos Territoriais e **22 prazas** de persoal funcionario con funcións de inspección ambiental das escalas de ciencias, enxeñaría e veterinaria repartidos entre as diferentes unidades xunto con persoal administrativo de apoio .

No ano 2025 o persoal inspector repartíuse entre cinco servizos:



Dúas das prazas no servizo de Intervención Ambiental teñen como principais funcións a coordinación da inspección ambiental e de mantemento do sistema de xestión da calidade.

Adicionalmente, a Dirección xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade conta cunha praza de auxiliar administrativo para as tarefas administrativas.

Indicar que no mes de outubro produciuse **12 cambios** no persoal da inspección ambiental nos cinco servizos debido ás tomas de posesión de novo persoal polas resolucións de concurso de corpos especiais e de diversos procesos selectivos: un cambio en cada departamento territorial e 8 novos persoais no servizo de intervención ambiental. Estes cambios producidos no cuarto trimestre afectaron o **55% do persoal da inspección ambiental**.

4. OBXECTIVOS DO PROGRAMA

O obxectivo xeral do Programa de Inspección ambiental 2025 era, seguindo o marco de actuación do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030, concretar as actuacións e actividades obxecto de inspección para asegurar o cumprimento da normativa ambiental e dos requisitos impostos nas autorizacións ambientais.

Tomando como base este obxectivo xeral, elaborouse o Programa de Inspección 2025, que se desagregou en subprogramas e concretouse uns obxectivos específicos en función destes subprogramas:

4.1. Obxectivos específicos dos subprogramas de inspección ambiental

- ◀ Verificación do comportamento ambiental das actividades con AAI.
- ◀ Verificación da situación dos vertedoiros.
- ◀ Control de traslados de residuos.
- ◀ Verificación do comportamento ambiental e actividade de xestores de residuos.
- ◀ Avaliación inicial dos criterios de impacto (IC) do IRAM de xestores de residuos.
- ◀ Inspeccións a outras actividades como produtores de residuos.

4.2. Obxectivos específicos do subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental

- ◀ Mantemento da certificación UNE-EN-ISO 9001:2015 da Inspección Ambiental de Galicia.
- ◀ Revisión e actualización dos procedementos técnicos e demais información documentada do Sistema de Xestión da Calidade.
- ◀ Mellora dos sistemas de información e telematización na aplicación GAIA-eInspeccions.
- ◀ Potenciación de actuacións de coordinación e formación da Inspección Ambiental.
- ◀ Fomento da coordinación con distintos departamentos da administración.
- ◀ Participación en proxectos de inspección nacional (REDIA) e da UE (IMPEL).

Cumpríronse todos estes obxectivos con carácter xeral. En relación á mellora do sistema de información e telematización na aplicación GAIA-eInspeccions, adxudicouse o contrato a finais de 2025 e comezase o desenvolvemento ao longo de 2026. En cada subprograma detallárase cada obxectivo específico e o seu cumprimento.



5. ACTUACIÓNS DE CONTROL E INSPECCIÓN REALIZADAS EN 2025

As actuacións de control e inspeccións realizadas durante o ano 2025 encádranse dentro do Programa de Inspección Ambiental correspondente, no que se sinalan o conxunto de obxectivos e actuacións definidas, co fin de garantir o cumprimento das condicións ambientais establecidas pola lexislación ambiental aplicable.

No ano 2025 realizáronse un total de **594 inspeccións ambientais**, realizadas por:

270 inspeccións polo persoal inspector ambiental

324 inspeccións pola UPA

Todas as inspeccións están rexistradas no módulo de e-Inspección dentro da plataforma GAIA dependente da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

Os controis realizados polos axentes da UPA son actuacións de vixilancia e investigacións comprobatorias de circunstancias ambientais concretas, moi definidas e dunha menor complexidade técnica. As inspeccións realizadas polo persoal inspector ambiental levan asociadas unha elevada carga de estudo documental e complexidade técnica.

De acordo co indicado no Decreto 7/2020, de inspección ambiental de Galicia, as inspeccións poden clasificarse:

Pola tipoloxía das instalacións ou actividades inspeccionadas

Pola existencia ou non dunha programación preestablecida

Polo momento en que se realizan

As inspeccións programadas son aquelas realizadas como parte dun programa de inspección previsto.

As inspeccións non programadas son aquelas inspeccións que, formando parte dun programa de inspección ambiental, a súa determinación realízase de xeito estimativo baseándose na experiencia doutros anos.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

As inspeccións non programadas, dependendo do momento en que se realiza, clasifícanse:

Inspección preceptiva	Previas ao outorgamento dunha autorización.
Inspección de oficio	Durante o funcionamento dunha autorización ou solicitadas pola Administración cando ten coñecemento polos seus propios medios da existencia de feitos que poden ser constitutivos de ameaza inminente de dano medioambiental, posible delito ambiental ou infracción administrativa, para os efectos de constatar a súa veracidade. Inclúense as emerxencias ambientais.
Inspección reactiva	Inspección en virtude de denuncia, para comprobar a veracidade dos feitos denunciados e que poidan ser constitutivos de ameaza inminente de dano ambiental, delito ambiental ou infracción administrativa.
Inspección de seguimento	Inspección para comprobar a corrección de desviacións atopadas nunha inspección inicial das anteriormente indicadas.

O Decreto de inspección ambiental impón a elaboración anual dun programa de inspección ambiental no que se indiquen as inspeccións programadas e non programadas.

O Programa de Inspección Ambiental de 2025, de acordo co Decreto de inspección ambiental e co Plan de Inspección Ambiental 2025-2030, desagregase nos seguintes subprogramas:

Programa a realizar pola inspección ambiental
Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC
Subprograma de inspección ambiental de traslado de residuos
Subprograma de inspección ambiental de xestores de residuos
Subprograma de inspección ambiental de vertedoiros
Subprograma de inspección ambiental de outras actividades

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025


Programa a realizar pola UPA
Subprograma de investigación policial programada
Subprograma de investigación policial non programada

No Programa de Inspección Ambiental 2025, priorizáronse as inspeccións programadas a actividades IPPC (verificacións ambientais) e estableceuse unha estimación das inspeccións non programadas tendo en conta a experiencia dos últimos anos e sabendo que a maioría destas inspeccións non programadas débense realizar pola inspección ambiental.

Ademais, de acordo co Plan, incorporouse un subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental, subprograma realizado polo Servizo de Intervención Ambiental para potenciar a eficiencia, formación e telematización do traballo da inspección ambiental.

A continuación detállanse as inspeccións realizadas tomando como base o Programa de Inspección Ambiental 2025 e tendo en conta o tipo de inspeccións que se levan a cabo.

A seguinte gráfica indica un balance global do Programa de Inspección Ambiental 2025, en relación aos obxectivos propostos para as inspeccións programadas e as estimacións propostas para as inspeccións non programadas:



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

A seguinte táboa reflexa a porcentaxe das inspeccións realizadas con respecto ao valor programado:

Tipo de inspección	Programa 2025	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Inspección ambiental programadas	134	110	82%
Inspección ambiental non programadas	147	160	109%
UPA programadas	700	277	40%
UPA non programadas	140	47	34%

1. Para a inspección ambiental, compróbase que se realizou unha axeitada programación para o Programa de Inspección Ambiental 2025 dado que:


- A estimación proposta no Programa 2025 para as inspeccións non programadas foi bastante similar ao realizado no ano 2025 dado que se realizou un 109% de inspeccións con respecto ao estimado no programa.
- A porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao programado foi dun 82%, co cal que se cumpriu o obxectivo do 80%. Esta porcentaxe é debido a varios factores:
 - No ano 2025 priorizouse as inspeccións programadas IPPC, que implicaron un maior esforzo en tempo de traballo.
 - Por mor da priorización das inspeccións programadas IPPC, reducíronse ás inspeccións programadas a xestores e a vertedoiros.
 - Aumentaron o número de inspeccións non programadas realizadas a outras actividades distintas aos subprogramas específicos de inspección.
 - Continuouse con inspeccións conxuntas que ten como finalidade a homoxeneización de forma práctica dos criterios de inspección, formación do novo persoal inspector e a recualificación do persoal inspector xa formado. Este aumento das inspeccións conxuntas incrementou o tempo de realización das inspeccións e nalgúns ocasións con persoal de nova incorporación.
 - No último trimestre produciuse o cambio dun 55% do persoal da inspección ambiental que orixinou o aumento das inspeccións conxuntas.

2. Para a UPA, en relación á programación e á estimación das inspeccións a realizar pola UPA, non se acadaron os obxectivos debido a cuestións operativas da unidade policial.

6. INSPECCIÓN REALIZADAS POLO PERSOAL DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

No ano 2025 o persoal inspector ambiental realizou un total de **270 inspeccións**, repartidas nos cinco subprogramas de inspección indicados no programa.

Na seguinte gráfica sinálase o número de inspeccións por subprogramas:



Obsérvase que o 70% das inspeccións englobáanse no subprograma de instalacións IPPC e no subprograma de xestores de residuos.


Das 270 inspeccións realizadas: **110 programadas e 160 non programadas**.

As inspeccións programadas comprenden as inspeccións desagregadas nos subprogramas indicados no programa de inspección.

As inspeccións non programadas comprenden as inspeccións de oficio, preceptivas, reactivas e de seguimento. Dentro das inspeccións de oficio atópanse tamén as inspeccións de emerxencia.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Na seguinte gráfica reflíctense a comparativa entre as inspeccións realizadas no 2025 respecto aos obxectivos programados/estimados nos distintos subprogramas:



Obsérvase que as inspeccións maioritarias son as IPPC programadas e as de xestores non programadas.

Na seguinte táboa reflíctense as porcentaxes do cumprimento do Programa de inspección:

Tipo de inspección	Programa 2025	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
IPPC Programadas	95	81	85%
IPPC non Programadas	30	22	73%
Traslados Programadas	12	20	167%
Traslados non Programadas	2	0	0%
Xestores Programadas	20	6	30%
Xestores non Programadas	70	80	114%
Vertedoiros Programadas	7	3	43%
Vertedoiros non Programadas	25	11	44%
Outras actividades programadas	0	0	0%
Outras actividades non Programadas	20	47	235%



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Como se observa:


- cumpriuse o obxectivo prioritario de realizar un 80% das inspeccións IPPC programadas e realizouse un 73% das inspeccións estimadas para as IPPC non programadas.
- superouse o obxectivo das inspeccións por control de traslado de residuos e realizouse un 167% sobre o obxectivo proposto.
- xestores: Non se chegou o obxectivo programado. Este subprograma iniciouse no ano 2025 e realizáronse máis inspeccións non programadas de xestores e doutras actividades das inicialmente estimadas no programa de inspección.
- vertedoiros: Non se chegou o obxectivo programado pero hai que indicar que aos vertedoiros IPPC realízanse inspeccións cada ano dentro do programa de instalacións IPPC.
- No subprograma de outras actividades superouse a estimación realizada no programa de inspección, xa que se realizou un 235% de inspeccións co respecto ao estimado.

Lémbrese que as inspeccións programadas engóbanse dentro dos subprogramas específicos de inspección, cuns procedementos e obxectivos determinados.

As inspeccións non programadas, realízanse cando son solicitadas, ben de oficio para comprobar algún aspecto medioambiental ou por motivo dunha emerxencia (incendio ou accidente), como consecuencia dunha denuncia en materia competencia de calidade ambiental (inspeccións reactivas), previa a outorgar unha autorización (inspeccións preceptivas) ou para comprobar que a actividade emendou as deficiencias atopadas na anterior inspección (inspección de seguimento).

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025


Na seguinte gráfica reflíctense o número de inspeccións realizadas pola Inspección Ambiental segundo o tipo de inspección:



Obsérvase que as inspeccións IPPC programadas e as non programadas preceptivas (aquelas prevías a outorgamento dunha autorización ambiental ou obriga de inspección por normativa ambiental) son maioritarias. A suma de ambas inspeccións son un 61% das inspeccións realizadas pola Inspección Ambiental.


Lémbrese que dentro das inspeccións non programadas de oficio englobanse as inspeccións por emerxencia.

Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe das inspeccións non programadas realizadas pola Inspección ambiental segundo o tipo de inspección:

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Obsérvase que máis da metade das inspeccións non programadas son inspeccións preceptivas, inspeccións previas a outorgar unha autorización ambiental ou aquelas que por normativa ambiental requiren unha inspección previa, como son as inspeccións previas á devolución do aval ambiental ou subvencións.

Realizáronse 24 inspeccións por emerxencia, o que supón o 15% das inspeccións non programadas. Na seguinte gráfica reflíctense a causa destas inspeccións de emerxencia:



Obsérvase que se realizaron 15 inspeccións a causa dun incendio e 7 inspeccións como consecuencia da activación do Plan Camgal, que significa o 63% e 29% das inspeccións por emerxencia.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

A continuación realízase un seguimento das inspeccións por subprogramas:

6.1. SUBPROGRAMA DE ACTIVIDADES IPPC

No ano 2025 realizáronse **103** inspeccións a instalacións IPPC: **81 inspeccións programadas** e **22 inspeccións non programadas**.

Na seguinte táboa reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao indicado no Programa 2025:

Inspeccións a actividades con AAI	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	95	81	85 %
Non programadas	30	22	73 %

O valor obxectivo marcado foi de 95, realizándose un total de 81 inspeccións, que supón un 85% do programado, acadándose o obxectivo do 80%.

A porcentaxe deste 85% de inspeccións programadas IPPC está relacionado con:

- Priorizáronse este tipo de inspeccións con respecto ós outros programas específicos.
- Realizáronse máis inspeccións non programadas das estimadas dos outros programas específicos, como por exemplo o programa de outras actividades.

En canto a estimación realizada para as inspeccións non programadas, realizouse un 73% do obxectivo estimado.



6.1.1. Inspeccións programadas a actividades IPPC

Dentro do Programa de Inspección Ambiental 2025 realizáronse **81** inspeccións programadas a actividades con AAI. Destas inspeccións:


- 80 inspeccións foron para comprobar que cumpren os condicionados indicados nas correspondentes AAI (as chamadas verificacións ambientais)
- 1 inspección foi para comprobar que se atopaba sen actividade.

As inspeccións de **verificación ambiental** son as inspeccións periódicas a actividades IPPC con AAI para a comprobación dos condicionantes da AAI, segundo establece a propia normativa IPPC. Estas verificacións ambientais son inspeccións programadas de actividades IPPC con AAI e o seu alcance chega, salvo casos excepcionais, a todos os vectores ambientais comprendidos na autorización ambiental integrada (AAI).


A frecuencia coa que se realizan estas verificacións depende do Índice de Risco Ambiental: anual para as de risco alto, bienal para as de risco medio e trienal para as de risco baixo.

Indicar que este tipo de inspeccións requiren dun enorme esforzo de preparación da inspección debido a súa complexidade e extensa documentación a estudar asociada a este tipo de actividades xunto co traballo que se debe facer a posteriori da visita "in situ" coa elaboración do informe que leva como resultado final determinar o grado de cumprimento dos condicionantes da AAI das actividades inspeccionadas.

Nas seguintes gráficas indícanse as 80 verificacións ambientais realizadas no ano 2025, distribuídas por principais sectores de actividade na primeira, e por provincias na segunda.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025**Verificacións ambientais por sector**

Verificacións por sector	Nº inspeccións 2025
Industrial	22
Agropecuario	19
Residuos	23
Alimentación	16
Total	80

Verificacións ambientais por provincia

Verificacións por provincia	Nº inspeccións 2025
A Coruña	40
Lugo	8
Ourense	5
Pontevedra	27
Total	80

Indicar que no sector de xestores de residuos están incluídos os vertedoiros IPPC e que estas actividades teñen unha periodicidade anual.

Obsérvase:


- Realizáronse arredor dun 20% de inspeccións en cada sector de actividade.
- A metade das inspeccións realizadas atópanse na provincia de A Coruña.
- 34% das inspeccións realizadas atópanse na provincia de Pontevedra.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025**Grao de cumprimento**

O grao de cumprimento da AAI da actividade inspeccionada obtense de acordo co cadro:

LEENDA: GRAO DE CUMPRIMENTO DA AAI			
	POUCO RELEVANTES	RELEVANTES	MOI RELEVANTES
TOTAL	Non se atopan desviacións da AAI en ningún dos vectores ambientais ou as detectadas foron corrixidas durante a inspección		
MOI ALTO	1 - 3	0	0
ALTO	4 - 6	0	0
MEDIO	7 - 9	1 - 3	0
BAIXO	10 - 12	4 - 6	1 - 2
MOI BAIXO	>12	>6	>2

Tendo en conta o cadro, no ano 2025 obtense a seguinte gráfica do grao de cumprimento:







Obsérvase que, de acordo con indicado no cadro do cumprimento da AAI:

- O 65% das inspeccións non teñen ningunha desviación relevante para o medio ambiente.
- O 24% das inspeccións teñen un grao cumprimento medio, sen desviacións moi relevantes para o medio ambiente.
- Só un 11% das inspeccións obtiveron un cumprimento baixo ou moi baixo.

Mencionar que das 80 inspeccións realizadas, 11 actividades melloraron o seu grao de cumprimento no informe definitivo, o que supón un 14%.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Nas seguintes gráficas reflíctese o grao de cumprimento por cada sector de actividade:






Tendo en conta que os graos Total, Moi Alto e Alto non levan asociados ningunha desviación relevante para o medio ambiente, obtense a porcentaxe de inspeccións realizadas sen desviacións relevantes para o medio ambiente:

- Sector Industrial: 81%
- Sector Residuos: 69%
- Sector Alimentario: 51%
- Sector Agropecuario: 38%

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025**Desviacións detectadas**


Co cómputo de desviacións detectadas nas verificacións ambientais obtense as seguintes gráficas por sector, por vector ambiental indicado de acordo cos termos da AAI e por tipo de relevancia da desviación:



O sector granxas ten lixeiro maior porcentaxe de desviacións.

Os vectores con mais desviacións son : residuos, solos e augas subterráneas e vertidos líquidos.


Predominan as desviacións pouco relevantes para o medio ambiente.



Do 4% das desviacións moi relevantes atopadas, desta porcentaxe concéntrase maioritariamente no vector residuos e no vector solos e augas subterráneas. Constatouse tamén 1 desviación moi relevante no vector vertidos líquidos e outra no vector presión sonora.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025





Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe da relevancia das desviacións detectadas segundo o sector de actividade:



Obsérvase que predominan as desviacións pouco relevantes e que as moi relevantes son un 8% no sector industrial e un 12% no sector de residuos.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Nas seguintes gráficas reflíctense a porcentaxe das desviacións detectadas por vector ambiental e segundo o sector de actividade:



Obsérvase diferenzas segundo o sector de actividade.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Tendo en conta as desviacións que acumulan mais dun 20%:

- No sector industrial predominan as desviacións en residuos, vertidos líquidos, solos e augas subterráneas.
- No sector da xestión de residuos predominan as desviacións en residuos e vertidos líquidos.
- No sector da alimentación predominan as desviacións en residuos e vertidos líquidos.
- No sector granxas predominan as desviacións en MTDs e sobre solos e augas subterráneas.

Nesta avaliación dos resultados obtidos nas inspeccións realizadas en 2025, hai que ter en conta que corresponden a unha parte do total das instalacións con AAI.

A avaliación completa dos resultados obtidos nas verificacións ambientais realizarase na correspondente Memoria do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030, onde se recollen dous ciclos completos de verificacións ambientais, tendo en conta que cada ciclo corresponde a tres anos.

Evolución das instalacións inspeccionadas no 2025


Neste ano pódese ver a evolución das instalacións IPPC inspeccionadas no ano 2025 respecto á anterior inspección realizada e obtense o seguinte cadro:

Sector	Negativa	Estable	Positiva	Estab+Positiva	Non aplica	total
Agroalimentario	8	7	4	11	0	19
Alimentario	5	4	4	8	3	16
Industrial	4	7	8	15	3	22
Residuos	3	7	10	17	3	23
Total	20	25	26	51	9	80

Indicar que **Non aplica** refírese as inspeccións iniciais de instalacións IPPC con AAI recentes e que non teñen anterior inspección.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

A porcentaxe de evolución das empresas co respecto á anterior inspección, refléxase na seguinte gráfica:



Obsérvase:

➤ O 64% das instalacións melloraron ou teñen o mesmo grao de cumprimento que na inspección anterior. Un 25% empeoraron o grao de cumprimento.


➤ Si se revisa esta evolución por sector de actividade obtense as seguintes porcentaxes de instalacións que melloraron ou mantiveron o seu grao de cumprimento:

- No sector de residuos o 74%.
- No sector industrial o 68%.
- No sector alimentario o 50%
- No sector agroalimentario o 58%. Indicar que no sector das granxas atópase a porcentaxe mais elevada de evolución negativa: un 42%.

6.1.2. Inspeccións non Programadas IPPC

O número de inspeccións non programadas realizadas a actividades IPPC foi de **22**.

A seguinte gráfica reflicte a porcentaxe de inspeccións non programadas realizadas a instalacións IPPC (agás os vertedoiros) segundo sexa de oficio, preceptivas, seguimento, reactivas ou debido a unha emerxencia.



Obsérvase que:

- A metade das inspeccións son preceptivas (13 inspeccións) e a maioría son para activar as autorizacións de xestor dentro da AAI ou dar de baixa unha autorización.
- Non se realizou ningunha inspección por denuncia (reactiva).
- Realizáronse 8 inspeccións de oficio para comprobar actividade da instalación.
- Realizáronse tres inspeccións por emerxencia: unha por incendio, unha por emisións atmosféricas e unha por accidente con vertido a augas.
- Realizouse unha inspección de seguimento, enmarcada na actividade de xestor de residuos dentro da AAI.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

6.2. SUBPROGRAMA DE TRASLADOS DE RESIDUOS

Neste apartado indícase as inspeccións levadas a cabo co obxecto de controlar o traslado de residuos na Comunidade Autónoma de Galicia e comprobar que no transporte se acompaña a documentación requirida na normativa medioambiental.

Realizáronse **20 inspeccións** a operadores que importan ou exportan residuos dende/cara Estados membros da Unión Europea ou a Estados que non son da UE.

Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación ao indicado no Programa de transfronteirizo de residuos:

Transfronteirizo de residuos	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada /programada
Programadas	12	20	167 %
Non programadas	2	0	0%

O control realízase desenvolvendo as inspeccións:

- Inspeccións programadas a operadores que importen/exporten residuos dende/cara Estados membros da Unión Europea.
- Inspeccións en estradas, que se dividen en:
 - en fronteiras ou estradas próximas ás fronteiras.
 - en estradas do interior da Comunidade Autónoma de Galicia.

As inspeccións en estradas fanse en colaboración coa Garda Civil e a *Inspeção-Geral da Agricultura, do Mar, do Ambiente e do Ordenamento do Território* (IGAMAOT) de Portugal.

No ano 2025:

- Programouse unha inspección, coa Garda Civil, dentro do Programa Augias de traslados de residuos pero, dado as condicións meteorolóxicas non se puido levar a cabo. Por tanto, no ano 2025 non se realizou ningunha inspección en estradas.
- Realizáronse 20 inspeccións a operadores.
- Non se realizou ningunha inspección non programada.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Como aspectos a salientar deste subprograma:

- ✓ Nas inspeccións a operadores revisáronse **882 traslados** de residuos transfronteirizos con destino ou orixe en Galicia.
- ✓ Os traslados foron a países da Unión Europea agás importacións e exportacións de chatarra de aluminio a/desde 10 países que non pertencen á Unión Europea: Canadá, Reino Unido, Estados Unidos, Israel, Lituania, Suíza, Corea del Sur, Arabia Saudí, China e Emiratos Árabes. En todos eles forman parte do Convenio de Basilea e non están prohibidas as importacións deste residuo.
- ✓ En 16 inspeccións realizáronse importacións ou exportacións a Portugal, que é o país maioritario dos traslados transfronteirizos da comunidade galega. O segundo país é Alemaña.
- ✓ Detectouse un traslado ilícito, do cal informouse ao Servizo de Residuos e pasouse ao Servizo Xurídico para o estudo de inicio expediente sancionador.
- ✓ Os residuos importados ou exportados son maioritariamente metais, envases de vidro, papel e cartón, residuos de plástico.
- ✓ Constátanse en varias delas, deficiencias documentais en relación á normativa de traslados de residuos.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

6.3. SUBPROGRAMA DE XESTORES DE RESIDUOS

No ano 2025 iniciouse este novo subprograma. O obxectivo deste programa específico, de acordo cun índice de risco ambiental, é realizar inspeccións a estas instalacións de valorización e/ou almacenamento, para comprobar a situación actual e que cumpre a normativa ambiental.

Analogamente ao subprograma de actividades IPPC, de acordo cun índice de risco, preténdese realizar unha planificación de inspeccións ás instalacións que teñan autorización de xestor de residuos, e, realizar polo menos unha inspección a todos os xestores de residuos no período que abarca o Plan de inspección ambiental 2025-2030.

Hai que indicar que:

- As instalacións de xestores de residuos con autorización ambiental integrada contrólanse dentro do subprograma de instalacións IPPC.
- Os vertedoiros (xestores con autorización de eliminación de residuos) contrólanse dentro do subprograma de vertedoiros.

No ano 2025 realizáronse **86** inspeccións a xestores de residuos: **6** inspeccións programadas e **80** inspeccións non programadas.

Na seguinte táboa reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao indicado no Programa 2025:

Inspeccións a xestores de residuos	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	20	6	30 %
Non programadas	70	80	114 %


A maioría das inspeccións non programadas son preceptivas para ampliación de autorizacións ou para comprobar que as actividades xestoras se adecúan á nova normativa de residuos.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

6.3.1. Inspeccións non programadas a xestores de residuos

O número de inspeccións non programadas realizadas a xestores de residuos foi de **80**.

A seguinte gráfica reflicte o número de inspeccións non programadas realizadas a xestores segundo sexa de oficio, preceptivas, seguimento, reactivas ou debido a unha emerxencia.



Obsérvase que:

- O 67% son inspeccións preceptivas.
- Indicar que nas inspeccións de seguimento, para comprobar que corrixiron as deficiencias atopadas na inspección anterior, a maioría das inspeccións anteriores son previas á outorgar a autorización de xestor (preceptivas).
- As inspeccións de emerxencia foron por incendios orixinados nas instalacións.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

6.3.2. Inspeccións programadas a xestores de residuos

No ano 2025 realizáronse 6 inspeccións programadas a xestores de residuos.

Como resultado global deste subprograma compróbase que as instalacións inspeccionadas deberán:

- Mellorar o almacenamento dos residuos que xestionan
- Mellorar o arquivo cronolóxico dos produtos e residuos obtidos na valorización
- Actualizar as autorizacións de acordo coa actividade realizada.
- Cumprir coa normativa de residuos e cos condicionantes da súa autorización.

Ademais das inspeccións realizadas neste subprograma, ao ser un programa iniciado no 2025, plantexáronse dous obxectivos:

- Valoración inicial dalgúns dos criterios de impacto da Avaliación de Riscos Ambientais de actividades de xestión de residuos, IRAM de xestores de residuos, indicado no Anexo VI do Plan de Inspección Ambiental 2025-2030.
- Elaboración dun checklist de xestores de residuos, para o seu emprego no 2026 coas inspeccións programadas de xestores de residuos. O obxectivo deste checklist é poder realizar unha análise deste sector e avaliar se cumpre a normativa ambiental, do mesmo xeito que se fai no subprograma de instalacións IPPC.

A continuación indícase o traballo realizado no ano 2025.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

AVALIACIÓN INICIAL DOS CRITERIOS DE IMPACTO (IC) DO IRAM DE XESTORES DE RESIDUOS REALIZADO NO 2025


No ano 2025, coa exportación de datos do GAIA, elaborouse unha táboa cos datos dos xestores de residuos con autorización na comunidade autónoma.

I.- En primeiro lugar realizouse unha separación e elaborouse unha táboa sacando as instalación que son puntos limpos, as instalación de plataforma lóxística, as de recuperación espazos degradados e os axentes-negociantes.

II.- Resultante de dita separación, obtense una táboa de xestores cos seguintes datos:

- 377 empresas xestoras
- 472 centros
- 735 autorizacións de residuos

Na seguinte gráfica indícase o número de centros con actividade xestora por provincias:



Obsérvase que as provincias con maior número de centros son A Coruña e Pontevedra.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

III.- coa táboa de xestores resultante, Iniciouse unha avaliación inicial da situación destas instalacións, engadindo a esta táboa exportada do GAIA unhas columnas para concretar os seguintes datos:

- Inspeccións realizadas a ditas instalacións nos anos 2021, 2022, 2023, 2024 e 2025.
- Instalacións que realizan traslados transfronteirizos, cos datos obtidos nas inspeccións do subprograma de control de traslados de residuos e coa información no GAIA dos traslados transfronteirizos do ano 2025 (IC4).
- Capacidade anual máxima autorizada de xestión de residuos perigosos (IC2).
- Capacidade anual máxima autorizada de xestión de residuos non perigosos (IC3).

Deste modo, no ano 2025 obtívose:

- Visión xeral das inspeccións realizadas a xestores no período 2021-2025.
- Criterio de impacto IC2: capacidade autorizada de xestión de residuos perigosos.
- Criterio de impacto IC3: capacidade autorizada de xestión de residuos non perigosos.
- Criterio de impacto IC4: tipos de traslados de residuos. No 2025 concretouse nos traslados transfronteirizos.
- Nas inspeccións non programadas preceptivas realizadas a xestores de residuos nos anos 2024 e 2025, obtívose o IC1: tipo de actividade de xestión.

A continuación detállase os datos obtidos con esta avaliación inicial.

a) Inspeccións realizadas no período 2021-2025


No período 2021-2025 realizáronse por parte do persoal inspector e da UPA **300 inspeccións a actividades xestoras de residuos**.

Comprobouse que realizáronse alomenos unha inspección no **52% das instalacións** indicadas na táboa.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Das inspeccións realizadas, o 61% foron inspeccións non programadas e un 39% inspeccións comprendidas nun programa específico.

Na seguinte gráfica reflíctense a porcentaxe do tipo de inspeccións realizadas:



Obsérvase que o 40% son inspeccións preceptivas, ademais do 2% de inspeccións que se realizaron previa á baixa da autorización e da devolución do aval ambiental.

Indicar que, das inspeccións levadas a cabo pola UPA, a maioría son inspeccións ás instalacións CATs (anteriormente chamadas desguaces).

Só un 4% das inspeccións foron dentro do subprograma específico de residuos, que se iniciou no 2025.


b) Criterio de Impacto IC2: Capacidade autorizada de xestión de residuos perigosos

A categoría de risco do CRITERIO DE IMPACTO 2 (Capacidade autorizada de xestión de RPs) corresponde á capacidade autorizada no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de residuos de Galicia e na súa autorización ambiental.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Xestión RPs	Puntos
Sen actividade autorizada de xestión de residuos perigosos.	0
Xestión de residuos perigosos inferior a <2 t/día.	1
Xestión de residuos perigosos entre 2-8 t/día.	3
Xestión de residuos perigosos entre 8-10 t/día.	5

De acordo co esta categoría e coa avaliación realizada obtense a seguinte gráfica:



Indicar que nesta categoría atópanse as instalacións CATs.

Da avaliación inicial obsérvase:


- Hai 228 instalacións que xestionan residuos perigosos.
- O 52 % teñen unha puntuación de 1 punto no IC2.
- O 38% teñen unha puntuación de 3 puntos
- Só o 10% teñen a puntuación máxima de 5 puntos.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025**c) Criterio de Impacto IC3: Capacidade autorizada de xestión de residuos non perigosos**

A categoría de risco do CRITERIO DE IMPACTO 3 (Capacidade autorizada de xestión de RNPs) corresponde á capacidade autorizada no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de residuos de Galicia e na súa autorización ambiental.

Xestión RNPs	Puntos
Sen actividade autorizada de xestión de residuos non perigosos.	0
Xestión de residuos non perigosos inferior a <20 t/día.	1
Xestión de residuos non perigosos entre 20-40 t/día.	2
Xestión de residuos non perigosos entre 40-50 t/día.	3

De acordo co esta categoría e coa avaliación realizada obténse a seguinte gráfica:



Da avaliación inicial obsérvase:

- Hai 331 instalacións que xestionan residuos non perigosos.
- O 47% teñen unha puntuación de un punto no IC3.
- Só o 15% teñen unha puntuación de 2 puntos.
- O 38% teñen a puntuación máxima de 3 puntos.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Si se realiza a combinación de ambos criterios, IC2 e IC3, obtense os seguintes datos:

Puntos IC2	Puntos IC3	Nº centros
5	3	3
5	2	0
5	1	4
5	0	17 *
3	3	6
3	2	3
3	1	13
3	0	64 *
1	3	18
1	2	9
1	1	40
1	0	51 *
0	3	99
0	2	39
0	1	98

A maioría das instalacións con * son CATs , que son xestores de residuos perigosos

Debe terse en conta que os xestores que son instalacións IPPC avalíanse dentro dese programa específico.

d) Criterio de Impacto IC4: Tipos de traslados de residuos


A categoría de risco do CRITERIO DE IMPACTO 4 (Tipos de traslados de residuos) corresponde á orixe e/ou destino dos residuos xestionados na instalación.

Traslados de residuos	Puntos
A orixe/destino dos residuos xestionados atópase en Galicia.	1
A orixe/destino dos residuos xestionados atópase noutras comunidades autónomas de España.	2
A orixe/destino dos residuos xestionados corresponde a traslados transfronteirizos de residuos dentro da UE.	4
A orixe/destino dos residuos xestionados corresponde a traslados transfronteirizos de residuos fóra da UE.	6

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

No 2025 comezouse a avaliación cos traslados transfronteirizos de residuos, tendo en conta as inspeccións realizadas a operadores no subprograma de traslados de residuos nos anos do 2021 ao 2025 e cos datos obtidos no GAIA de traslados transfronteirizos do ano 2025.

Dos datos avaliados obtense a seguintes instalación con 4 e 6 puntos:



Obsérvase que a maioría dos traslados transfronteirizos de residuos realízase a países da Unión Europea. Só un 9% das instalacións realizan algún traslado a países fóra de UE.

Nos vindeiros anos avaliarase os traslados dentro da comunidade autónoma de Galicia e os traslados a outras comunidades autónomas, que levan asignados a puntuación de 1 e 2 puntos respectivamente.

e) Criterio de Impacto IC1: Tipo de actividade de xestión

A categoría de risco de IC1 corresponde coa puntuación asignada a cada actividade de xestión en base ao Anexo II da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

No 2025, coa revisión das inspeccións preceptivas realizadas e a adecuación das autorizacións á normativa ambiental, avalíouse o criterio de impacto **IC1 de 136 instalacións**.

Este criterio irase incrementando a medida que se adecúen as autorizacións.


Memoria Programa Inspección Ambiental 2025**6.4. SUBPROGRAMA DE VERTEDOIRO**

No ano 2025 realizáronse **14** inspeccións a vertedoiros: 3 inspeccións programadas e 11 inspeccións non programadas.

Na seguinte táboa reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao indicado no Programa 2025:

Inspeccións a vertedoiros	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	7	3	43 %
Non programadas	25	11	44 %

Das 14 inspeccións a vertedoiros realizáronse 3 inspeccións programadas para comprobar que cumpren o Real Decreto de vertedoiros e 11 inspeccións non programadas.



Obsérvase:

- A maioría son preceptivas, para comprobar o selado dun vaso ou o inicio dun novo vaso.
- As inspeccións de oficio e reactiva son para comprobar situación e actividade do vertedoiro.
- A inspección de emerxencia foi por un incendio orixinado no vertedoiro.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Indicar que para os vertedoiros con AAI se realizaron inspeccións dentro do subprograma específico de actividades IPPC, para comprobar que cumpren os condicionantes da AAI, dado que no Plan de inspección vixente se indica que estas instalacións teñen unha periodicidade anual. Debido á prioridade das instalacións IPPC, neste subprograma só se puido levar a cabo un 43% das inspeccións programadas.

6.5. SUBPROGRAMA DE OUTRAS ACTIVIDADES

No ano 2025 realizáronse **47** inspeccións a outras actividades: ningunha inspección programada e 47 inspeccións non programadas.

Na seguinte táboa reflíctense a porcentaxe das inspeccións realizadas respecto ao indicado no Programa 2025:


Inspeccións a outras actividades	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	0	0	0 %
Non programadas	20	47	235 %

Das 47 inspeccións non programadas a outras actividades non englobadas nos subprogramas anteriores como son:

- Inspeccións de emerxencia por incendio.
- Inspeccións como consecuencia da activación do Plan Camgal.
- Inspeccións para devolución de aval de parques eólicos.
- Inspeccións de comprobación material de axudas.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025


A seguinte gráfica reflicte o número de inspeccións non programadas realizadas a outras actividades segundo sexa de oficio, preceptivas, seguimento, reactivas ou debido a unha emerxencia.



- Das inspeccións de emerxencia: 9 inspeccións foron por mor de incendio e 6 debido a activación do Plan Camgal.
- Das inspeccións preceptivas: 9 inspeccións foron a parques eólicos, prevías á devolución do aval e 2 para comprobación material de axudas.
- Das inspeccións reactivas, só unha foi por materia de atmosfera. Todas as demais foron por materia de residuos.

7. INSPECCIÓN REALIZADA POLA POLICIA AUTÓNOMICA DE GALICIA (UPA)

As seis sedes da UPA (A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra, Vigo) realizaron un total de **324 inspeccións**. Destas, **277 foron inspeccións programadas e 47 non programadas**.



Na seguinte táboa indícase a porcentaxe das inspeccións realizadas en relación co indicado no Programa de Inspección 2025:

Inspeccións realizadas pola UPA	Previstas no Programa	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
Programadas	700	277	40%
Non programadas	140	47	34%


Realizáronse menos inspeccións das inicialmente programadas ou estimadas debido a cuestións operativas da unidade policial.

A maioría das inspeccións programadas foron a puntos de vertido incontrolados.


Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

A maioría das inspeccións non programadas son por denuncias recibidas telefonicamente nas sedes da UPA ou a través do 112. A maior parte destas denuncias son por vertidos líquidos ou por puntos de vertedoiros incontrolados.

Na seguinte gráfica reflíctese as inspeccións levadas a cabo pola UPA:



As inspeccións maioritarias son puntos de vertedoiros incontrolados. Na seguinte gráfica obsérvanse os puntos de incontrolados atopados por provincias:




Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

Compróbase que moitos dos vertedoiros atopados no ano anterior están limpos pero aparecen outros puntos de vertido. A maioría destes vertedoiros son residuos asimilables a urbanos, polo que dáse conta ao concello correspondente, para que dentro da súa competencia, xestione os residuos depositados ou requira ao titular da parcela a súa xestión.

En relación ás 47 inspeccións non programadas da UPA, 13 inspeccións son de investigación e 34 inspeccións son por denuncias recibidas.

Destas 47 inspeccións non programadas realizadas, obtense a seguinte gráfica segundo a materia u obxecto a inspeccionar:



Compróbase que o 75% das inspeccións realizadas son por materia de residuos.



8. SUBPROGRAMA TRANSVERSAL DE XESTIÓN DA CALIDADE DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

Durante o ano 2025, no Servizo de Intervención Ambiental realizáronse as seguintes actuacións:

8.1. PLANIFICACIÓN E CONTROL

- ✓ Elaboración, planificación e coordinación das actuacións do Programa de inspección ambiental 2025.
- ✓ Elaboración da Memoria do ano 2024.
- ✓ Elaboración do Programa de Inspección Ambiental 2026.
- ✓ Elaboración de documentos e informes da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade.
- ✓ Seguimento e análise das inspeccións realizadas polo persoal da Inspección ambiental.
- ✓ Elaboración de informes web de inspección ambiental e carga no portal web.
- ✓ Seguimento e análise das inspeccións realizadas pola UPA para, se é o caso, pasar ao Servizo Xurídico por detectarse incumprimento da normativa legal, ou a remisión a outro organismo por ser da súa competencia.
- ✓ Actuacións de recepción e envío de comunicacións ás empresas dentro do traballo das inspeccións realizadas.

8.2. FORMACIÓN

A Inspección Ambiental de Galicia conta cun sistema de xestión de calidade, actualmente certificado baixo a norma UNE-EN ISO 9001:2015 no que se controlan os procesos asignados pola normativa e os documentos de traballo empregados na execución dos mesmos.

O procedemento de xestión de persoal do SXC establece a elaboración e execución dos plans de formación dentro da Inspección Ambiental así como o proceso de cualificación do persoal inspector para o exercicio das súas funcións.

No ano 2025, cumpriuse co obxectivo de potenciar a formación do persoal da inspección ambiental de Galicia e organizáronse dous cursos a través da Escola Galega de Administración Pública (EGAP):

- Actualización en inspección ambiental, realizado entre abril e maio.
- Elaboración de actas e informes de inspección, realizado en outubro.

En relación co procedemento de cualificación e recualificación do persoal inspector, seguiuuse coa realización de inspeccións conxuntas, principalmente co novo persoal inspector.

8.3.CERTIFICACIÓN UNE EN ISO 9001:2015

No ano 2025 conseguiuase o obxectivo de mantemento da certificación UNE-EN-ISO 9001:2015 da Inspección Ambiental de Galicia.

Este ano seguiuase coas datas de auditoría aos efectos de sincronizar e optimizar esforzos de análise e programación.

As auditorías de certificación superáronse con resultado favorable, non atopándose non conformidades no sistema de xestión da calidade.

Iniciouse tamén a revisión e actualización dalgúns dos procedementos técnicos e información documentada do Sistema de Xestión de Calidade.



8.4. PARTICIPACIÓN EN REDES E FOROS DE INSPECTORES AMBIENTAIS

I.- REDIA

Participouse na 26ª reunión plenaria de REDIA os días 9 e 10 de outubro en Santander coa colaboración do MITERD e con participantes de varias comunidades por videoconferencia. Nesta reunión plenaria:

➤ Pecháronse os seguintes proxectos:

- Inspección en vertedoiros.
- Inspeccións ambientais en explotacións gandeiras.
- Telematización das planificacións e execución das inspeccións ambientais (instalacións AAI).
- Coordinación cos órganos sancionadores en materia IPPC.

➤ Iniciáronse dous novos proxectos, dos que Galicia participa no seguinte:

- Proxecto de homoxenización de incumprimentos.

➤ Debateuse sobre a transposición da nova Directiva de Emisións Industriais (EU) 2024/1785 (DEI 2.0) á normativa estatal.

➤ Tamén se debateu sobre a participación das administracións ambientais na mesa de ordenación gandeira e a situación en relación aos controis establecidos nos reais decretos de ordenación gandeira, que por unanimidade das CCAA se considerou que competía ás autoridades gandeiras con excepción das granxas IPPC.

II.- IMPEL

Participación do persoal inspector do Servizo de Inspección Ambiental en diversos Grupos de traballo IMPEL (Rede europea para a aplicación e cumprimento da lexislación ambiental): Granxas, Economía Circular e Intelixencia Artificial.

III.- TWINNING

Durante o ano 2025 Galicia segue a liderar o proxecto “Fortalecemento das capacidades para a aplicación da lexislación medioambiental (Macedonia do Norte).” O obxectivo principal deste proxecto é o apoio ao país no logro dun sistema de inspección ambiental funcional e eficiente.

8.5. MELLORA DOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN E TELEMATIZACIÓN NA APLICACIÓN GAIA-EINSPECCIONS

En relación á mellora do sistema de información e telematización na aplicación GAIA-eInspeccións, adxudicouse o contrato a finais de 2025 e comezarase o desenvolvemento ao longo de 2026.

8.6. FOMENTO DE COORDINACIÓN CON DISTINTOS DEPARTAMENTOS DA ADMINISTRACIÓN

- ✓ Colaboración e coordinación co 112 en relación á comunicación de emerxencias ambientais e/ou incidencias ambientais.
- ✓ Estase a traballar conxuntamente con outros departamentos na revisión do Plan CAMGAL.



9. OUTRAS ACTUACIÓNS DA INSPECCIÓN AMBIENTAL

9.1. RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

O Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, asígnaselle ao Servizo Xurídico-Administrativo dependente da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade a función da execución da normativa de responsabilidade ambiental na comunidade autónoma de Galicia.

Durante o ano 2025 o dito servizo realizou as funcións asignadas ata finais de novembro en que se publicou o Decreto 106/2025, do 11 de novembro, polo que se modifica o Decreto 173/2024, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático.

No Decreto 106/2025, indícase que debe realizarse unha redistribución dentro da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade das funcións de execución da normativa de responsabilidade ambiental debido á necesidade de coñecementos técnicos para a revisión da documentación presentada en relación coas análises de riscos e garantías financeiras respectivas e, polo conseguinte, asignáselle ao Servizo de Intervención Ambiental a execución da normativa de responsabilidade ambiental respecto ás análises de riscos ambientais e garantías financeiras e respecto ás ameazas inminentes de datos ambientais e/ou danos ambientais que afecten o ámbito da dirección xeral.

Durante o mes de decembro iniciouse o proceso de derivación de funcións.



9.2. ACTUACIÓNS DENTRO DO PLAN CAMGAL

Dentro do ámbito da resposta en terra a Subdirección xeral de Coordinación Ambiental e o Servizo de Intervención Ambiental teñen unhas responsabilidades definidas no caso de que a contaminación afecte ao sistema costeiro.

Como resumo destas responsabilidades, o Plan CAMGAL establece que o Grupo Operativo de Resposta en Terra poderá estar formado por Unidades de vixilancia e seguimento, formadas por persoal do Servizo de Intervención Ambiental, e Unidades de contención, limpeza, almacenamento temporal, transporte e xestión dos residuos, formadas por persoal da Subdirección Xeral de Coordinación Ambiental.

Durante o ano 2025 houbo **tres activacións do Plan CAMGAL** con afección ao medio terrestre:

➤ A primeira activación foi en xaneiro por aparición de hidrocarburos na Ribeiriña, na Pobra do Caramiñal. Realizáronse dúas inspeccións con tres visitas de inspección á zona e seguimento da situación en colaboración con outros departamentos competentes.

O Plan estivo activado dende o 05.01.2025 ata o 15.01.2025.

➤ A segunda activación foi o 13.05.2025 por vertido de alcatrán no porto de Muros. Realizouse unha inspección para avaliar a situación, que quedou controlada ese mesmo día.

➤ A terceira activación foi o 30.10.2025 por rotura dun tanque de aceite de palma no porto de Vigo, con afección ao mar e previsible afección á costa da ría de Vigo. Realizáronse catro inspeccións con cinco visitas de inspección á zona e coordinouse o operativo de retirada e xestión de residuos por parte de medios propios. Realizáronse informes intermedios e finais do operativo e coordinouse as actuacións co resto dos medios actuantes.

O Plan estivo activado dende o 30.10.2025 ata o 21.11.2025.



9.3. INFORMES E PROPOSTAS DE SOLICITUDES DE INICIO EXPEDIENTES

SANCIONADORES

Elaboración e traslado das solicitudes motivadas de incoación de expedientes sancionadores en base aos incumprimentos da normativa legal detectados ao Servizo Xurídico-Administrativo, ou a outro organismo competente no incumprimento detectado.

Despois de avaliar os resultados das inspeccións realizada no 2025, elaboráronse 10 informes de inspeccións a instalacións IPPC como propostas de inicio de expediente sancionador.

9.4. TAXAS DE INSPECCIÓN

Unha particularidade no control das inspeccións realizadas son as inspeccións non programadas de seguimento, inspeccións realizadas polo persoal da inspección ambiental para comprobar a corrección de desviacións atopadas nunha inspección inicial.

A realización destas inspeccións non programadas están suxeitas ao pagamento dunha taxa en virtude da entrada en vigor da Lei 15/2024, de 27 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia.

No 2025 remitíronse **13** comunicacións ás instalacións inspeccionadas cos datos necesarios para que procederan ao pagamento da taxa correspondente.

10. INDICADORES AMBIENTAIS

Na elaboración deste programa, ademais dos principios e obxectivos, é necesario uns indicadores que faciliten información que sexa posible avaliar o grao de execución dos obxectivos e liñas e medidas a realizar.

De seguido recóllense as medidas propostas precisando para cada unha delas os obxectivos aos que contribúe e os indicadores de seguimento da súa execución.

Para avaliar o resultado do traballo realizado pola Inspección ambiental empregaranse dous tipos de indicadores:

- Indicadores de actividade. Proporciona información sobre o grao de execución do correspondente programa anual e a súa evolución temporal. Permiten revisar a eficacia e avaliar resultados do traballo da inspección ambiental.
- Indicadores de resultados: Proporcionan información de cumprimento da normativa ambiental.

Asociado a cada indicador hai un obxectivo para conseguir (valor numérico) e o grao de cumprimento (porcentaxe que indica a cociente entre o efectivamente realizado e o obxectivo para conseguir).

10.1. INDICADORES DE ACTIVIDADE

Estes indicadores poden ser xenéricos ou poden estar adscritos a un Programa específico e proporcionan o grao de execución do programa anual. Inclúen os seguintes indicadores:

Os indicadores de actividade inclúen os seguintes:



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 1: Número de inspeccións anuais

Indicador 1	Número de inspeccións anuais
Tipo de indicador	Xenérico
Medida	Execución do programa anual de inspección
Obxectivo	Cumprir o 90% do número de inspeccións totais indicadas no Programa anual.

No programa de Inspección ambiental 2025 se indicaron un número de 281 inspeccións a realizar polo persoal da inspección ambiental.

Tipo de inspección	Programa 2025	Inspeccións realizadas
IPPC Programadas	95	81
IPPC non Programadas	30	22
Traslados Programadas	12	20
Traslados non Programadas	2	0
Xestores Programadas	20	6
Xestores non Programadas	70	80
Vertedoiros Programadas	7	3
Vertedoiros non Programadas	25	11
Outras actividades programadas	0	0
Outras actividades non Programadas	20	47
TOTAL INSPECCIÓN	281	270

No ano 2025 realizáronse un total de 270 inspeccións, o que implica que se realizou un **96%** do número de inspeccións totais indicadas no programa, polo que se superou o obxectivo do 90%.

Superouse o obxectivo mínimo do 90% para as inspeccións anuais.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 2: Grao de execución de inspeccións non programadas

Indicador 2	Grao de execución de inspeccións non programadas
Tipo de indicador	Xenérico
Medida	Realizar unha boa estimación das inspeccións non programadas anuais para cumprir a planificación. Para elo coordinarase cos servizos solicitantes para poder realizar previamente esta estimación.
Obxectivo	Cumprir o 100% do número de inspeccións non programadas

Para o ano 2025 realizouse unha estimación de 147 inspeccións non programadas.

Tipo de inspección	Programa 2025	Inspeccións realizadas
IPPC non Programadas	30	22
Traslados non Programadas	2	0
Xestores non Programadas	70	80
Vertedoiros non Programadas	25	11
Outras actividades non Programadas	20	47
TOTAL INSPECCIÓN	147	160

No ano 2025 realizáronse un total de 160 inspeccións non programadas, o que implica que se realizou un **109%** das inspeccións estimadas.

Superouse o obxectivo do 100% das inspeccións non programadas estimadas.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 3: Grao de execución dos Programas anuais específicos de inspección

Indicador 3	Grao de execución dos catro Programas anuais específicos de inspección
Tipo de indicador	Subprogramas específicos de inspección ambiental
Medida	Execución dos subprogramas asociados aos plans específicos de inspección
Obxectivo	Realizar o 80% da inspeccións programadas en cada Plan específico de inspección ambiental.

No ano 2025 realizáronse a execución dos programas específicos anuais:

Tipo de inspección	Programa 2025	Inspeccións realizadas	Porcentaxe realizada/programada
IPPC Programadas	95	81	85%
Traslados Programadas	12	20	167%
Xestores Programadas	20	6	30%
Vertedoiros Programadas	7	3	43%

Superouse o obxectivo do 80% das inspeccións programadas para os subprogramas de IPPC e do subprograma de traslados

Indicar que aínda que non se acadou o obxectivo para os subprogramas de xestores de residuos e de vertedoiros, no 2025 realizáronse máis inspeccións non programadas a xestores de residuos das estimadas e que os vertedoiros IPPC foron inspeccionados dentro do subprograma de instalacións IPPC, dado que en Galicia teñen unha periodicidade anual.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025**➤ Indicador 4: Actuacións de formación da inspección ambiental**

Indicador 4	Actuacións de formación da inspección ambiental
Tipo de indicador	Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Realización de accións formativas para mellorar a calidade da inspección ambiental
Obxectivo	Realizar como mínimo un curso cada ano

No ano 2025 realizáronse 2 cursos::

- Actualización en inspección ambiental, realizado en abril e maio.
- Elaboración de actas e informes de inspección, realizado en outubro.

➤ Indicador 5: Actuacións de coordinación

Indicador 5	Actuacións de coordinación
Tipo de indicador	Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Realizar reunións co persoal da inspección ambiental e cos responsables da UPA para mellorar a coordinación.
Obxectivo	Realizar como mínimo dúas reunións cada ano

Realizáronse dúas reunións co persoal inspector: o 20 de febreiro e o 12 de setembro.

No ano 2025 non se realizou reunión co persoal da UPA.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 6: Participación en REDIA e IMPEL

Indicador 6	Participación en REDIA e IMPEL
Tipo de indicador	Subprograma transversal de xestión da calidade da inspección ambiental
Medida	Participación nas reunións de proxectos de REDIA e IMPEL para actualizar e homoxeneizar o traballo da inspección ambiental
Obxectivo	Participar no plenario de REDIA e nun proxecto

No 2025 participouse na 26ª reunión plenaria de REDIA os días 9 e 10 de outubro en Santander coa colaboración do MITERD e con participantes de varias comunidades por videoconferencia. Nesta reunión plenaria pecháronse 4 proxectos e iniciáronse outros proxectos, dos que Galicia participa no proxecto de homoxenización de incumprimentos.

En IMPEL o persoal inspector participou nos grupos de traballo de Granxas e Economía Circular.

Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

10.2. INDICADORES DE RESULTADOS

Estes indicadores refírense ao resultado das inspeccións en relación ao cumprimento da normativa ambiental.

➤ Indicador 7: Grao de cumprimento das actividades con AAI

Indicador 7	Grao de cumprimento das actividades con AAI
Tipo de indicador	Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC
Descrición	Avalía o resultado deste tipo de inspeccións, de acordo coa valoración do grao de cumprimento: Total, moi alto, alto, medio, baixo e moi baixo. Este indicador tamén se desglosará por sector da actividade a inspeccionar para avaliar cada sector por separado (agropecuario, alimentario, industrial e residuos).
Obxectivo	Conseguir que as instalacións melloren e obter un grao de cumprimento da AAI sen desviacións moi relevantes para o medio ambiente ou cun porcentaxe moi baixo delas. O obxectivo é que a porcentaxe das actividades co grao de cumprimento baixo e moi baixo sexa <20%

Nas inspección realizadas no 2025, o grao de cumprimento das instalacións:

Grao de cumprimento da AAI	Total	Moi alto	Alto	Medio	Baixo	Moi Baixo
Nº actividades	21	23	8	19	8	1
% actividades	55%		10%	24%	10%	1%

Obsérvase que a porcentaxe de actividade co grao de cumprimento baixo e moi baixo é 11%.

Conseguíuse o obxectivo de < 20% das actividades co grao de cumprimento baixo e moi baixo



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 8: Desviacións das inspeccións de actividades con AAI por vector ambiental

Indicador 8	Desviacións das inspeccións de actividades con AAI por vector ambiental
Tipo de indicador	Subprograma de inspección ambiental de instalacións IPPC
Descrición	Avalía o resultado da inspección por vector ambiental de acordo cos condicionantes da AAI.
Obxectivo	O obxectivo é que o número de desviacións moi relevantes en cada un dos vectores ambientais sexa <10%

Desviacións por relevancia	Porcentaxe
Moi relevante	4%
Relevante	22%
Pouco relevante	74%

Obsérvase que a porcentaxe de todas as desviacións moi relevantes (con todos os vectores ambientais) foi dun **4%**.

Conseguíuse o obxectivo de que o número de desviacións moi relevantes en cada un dos vectores ambientais sexa < 10



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 9: Número de sancionadores iniciados

Indicador 9	Número de sancionadores iniciados
Tipo de indicador	Subprogramas específicos de inspección
Descrición	Avalía o grao de cumprimento da normativa ambiental das instalacións inspeccionadas. Desglosarase tamén por cada subprograma específico para avaliar cada subprograma.
Obxectivo	Reducir a porcentaxe dos sancionadores iniciados co respecto as inspeccións realizadas ao finalizar o plan.

Mencionar que os expedientes sancionadores, dependendo da competencia en materia, iníciáanse:

- No Servizo Xurídico-Administrativo da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade por incumprimento da normativa de IPPC.

No ano 2025 iniciáronse **8 expedientes sancionadores** a instalacións IPPC.

- Nas Seccións Xurídicas dos Departamentos Territoriais da Consellería por incumprimento en materia de residuos.

No ano 2025 iniciáronse **25 expedientes sancionadores** como consecuencia de inspeccións realizada pola Inspección ambiental.

Indicar que ademais se iniciaron 31 expedientes sancionadores nas Demarcacións Territoriais como consecuencia de inspeccións realizadas pola UPA, en materia de residuos.



Memoria Programa Inspección Ambiental 2025

➤ Indicador 10: Número de desviacións corrixidas das actividades con AAI

Indicador 10	Número de desviacións corrixidas das actividades con AAI
Tipo de indicador	Subprograma específico de inspección de actividades IPPC
Descrición	Avalía a corrección das desviacións detectadas dende a acta de inspección ata o informe final de inspección IPPC.
Obxectivo	Comprobar a eficiencia da actividade da inspección ambiental nas instalacións IPPC. O obxectivo é conseguir que un 20% das desviacións sexan corrixidas entre a acta e o informe definitivo.

No ano 2025 realizáronse un total de 80 verificacións.

Destas inspeccións, 11 actividades melloraron o seu grao de cumprimento no informe definitivo, o que supón que **un 14% das instalacións inspeccionadas melloraron o seu grao de cumprimento.**

Nas 80 inspeccións realizadas, atopáronse un total de 314 desviacións, das cales 34 desviacións foron corrixidas, o que supón que foron **corrixidas un 11% das desviacións atopadas.**